

Tecnoloxía 4º ESO

Critérios sobre a avaliación e cualificación do alumnado

Para determinar a cualificación do alumnado utilizaranse os instrumentos e criterios que se especifican nos seguintes apartados:

- a) **(10%) Observación por parte do profesor do traballo realizado polos alumnos diariamente en clase.** Teranse en conta factores tales como a participación nas diversas actividades que o profesor propoña; a iniciativa; a adquisición progresiva de autonomía para levar a cabo as tarefas propostas; o esforzo e a concentración; o respecto ao profesor e aos compañeiros; o cuidado e o uso apropiado do material; o cumprimento das directrices que indique o profesor para a realización das tarefas; o feito de asistir ás clases co material da asignatura, etc.
- b) **(30%) Traballos e prácticas realizados polos alumnos,** de xeito individual ou en grupo.
- c) **(60%) Exames e probas obxectivas,** nos que se valora a adquisición das aprendizaxes previstas nesta programación. Realizarase polo menos unha proba por unidade didáctica, considerándose que o alumnado a supera cando obtén polo menos unha cualificación de cinco puntos sobre dez. As cualificacións das probas serán comunicadas aos alumnos dentro do prazo establecido nas NOF do centro. Logo de seren corrixidas e cualificadas polo profesor, as probas escritas seranlle mostradas ao alumnado para a súa revisión. Como norma xeral, as probas serán variadas tanto no referente ás capacidades requiridas (numéricas, lóxicas, indutivo-dedutivas...) como á dificultade da súa realización (dende cuestións elementais a outras que esixan certo grao de maior razoamento lóxico).
- d) **A cualificación final da materia** obterase aplicando ás porcentaxes de ponderación indicadas para cada un dos apartados anteriores. Nas avaliacións parciais avaliarase preferentemente de acordo coas mesmas porcentaxes, aínda que poderán adaptarse se existen circunstancias no desenvolvemento das clases que así o aconsellen.
- e) Para calcular a cualificación dos apartados 2 e 3 realizarase a media aritmética das notas acumuladas durante todo o curso correspondentes a cada apartado.
- f) No caso de detectar que un alumno copia un exame / práctica / traballo (ou ter indicios de que copiou), o profesor pode cualificar cun cero a totalidade ou algunha parte do exame / práctica / traballo. Ao alumnado implicado se lle requerirá que faga outro exame / práctica / traballo da mesma parte da materia que lle foi anulada. Esta conduta poderá ser valorada negativamente na cualificación obtida co instrumento de avaliación do punto 1 (observación do traballo diario de clase).
- g) **Recuperación das cualificacións suspensas:** é facultade do profesor concederlle ao alumnado a posibilidade de recuperar as cualificacións suspensas. En calquera caso, o profesor debe manter un criterio ecuánime para todo o alumnado.
A recuperación poderá ser:
 - a) Estrictamente de mínimos. En caso de superar a recuperación a cualificación obtida será un cinco.
 - b) Cun nivel de esixencia similar ao do exame / práctica / traballo suspenso con anterioridade. A cualificación da recuperación será ata dez (ou ata a máxima nota contemplada para o exame / práctica / traballo a recuperar). Todos os alumnos poderán presentarse a este exame para mellorar a cualificación anterior, pero quedan tamén suxeitos á posibilidade de baixar nota.
- h) **Convocatoria extraordinaria de setembro:** para superar a materia en setembro o alumnado terá que realizar unha proba escrita que incluíra contidos de todas as unidades didácticas desenvolvidas durante o curso. A cualificación desta proba será ata dez puntos, e considerárase superada cando a nota obtida sexa igual ou maior que cinco.